

ANUNCIO

ASUNTO: Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Begonte, no lugar de Camiño de Aldea de Riba-Baamonde.

Fase: Aprobación Inicial.

Dando cumprimento ao previsto no artigo 21.4 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental e o artigo 87.3, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, pola presente dase a oportuna difusión á documentación relativa ao expediente de aprobación inicial da modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Begonte, no lugar de Camiño de Aldea de Riba, de Baamonde.

A tal efecto, faise público para coñecemento xeral a seguinte documentación integrante do expediente:

- Informe Ambiental Estratéxico, de 21/03/2017, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.
- Documento da modificación puntual das NNSS de planeamento, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión de data 17 de novembro de 2017, e os seus correspondentes Planos.
- Resumo Executivo.
- Anuncios de información pública no Xornal “ El Progreso “ de Lugo e no “Diario Oficial de Galicia”.

Begonte, a 24 de Xaneiro de 2018

José Ulla Rocha.
Alcalde